

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

'Dragona'

Xavier Queipo presenta o seu novo libro en Bruxelas

O acto desenvolverase na librería Orfeu, dedicada á literatura galega e portuguesa, co apoio do Couto Mixto bruxelense.

Redacción - 19:26 20/06/2007

[Xavier Queipo](#) presenta esta quinta feira en Bruxelas o seu último libro, *Dragona*. O autor, afincado na capital belga, dará a coñecer a novela na librería [Orfeu](#), especializada en literatura galega e portuguesa, ás seis e media da tarde.

En *Dragona*, editada por [Xerais](#), Queipo ofrece unha novela de personaxes ambientada na cidade do esteiro, por onde circulan personaxes atípicas chegadas de todo o mundo. A obra avanza na innovación literaria do autor e mergúllase no “outro lado” do que falaba Cortázar, como unha parábola do futuro que nos agarda. A presentación literaria conta coa colaboración do Couto Mixto de Bruxelas.